

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. PRIMEIRO DE MARZO

CURSO: 1ºBACH

MATERIA: ANATOMÍA APLICADA

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Anexo I. Rúbrica avaliación tarefas

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 DEP. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	PÁXINA 1 DE 10	CENTRO: IES PRIMEIRO DE MARZO CURSO: 1º BACH MATERIA: ANATOMÍA APLICADA
--	-------------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar o funcionamento do corpo humano como o resultado da integración anatómica e funcional dos elementos que conforman os seus niveis de organización e que o caracterizan como unha unidade estrutural e funcional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB2.1.1. Diferencia os niveis de organización do corpo humano.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB2.1.2. Describe a organización xeral do corpo humano utilizando diagramas e modelos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB2.1.3. Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB2.1.4. Localiza os órganos e os sistemas, e relaciónaos coas súas funcións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.1. Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.2. Identifica o tipo de óso vinculándoo coa súa función.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.3. Diferencia os tipos de articulacións en relación coa mobilidade que permiten.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.4. Describe a estrutura e a función do sistema muscular, identificando a súa funcionalidade como parte activa do sistema locomotor.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.5. Diferencia os tipos de músculo en relación coa súa función.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.1.6. Describe a fisioloxía e o mecanismo da contracción muscular.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Analizar a execución de movementos aplicando os principios anatómicos funcionais, a fisioloxía muscular e as bases da biomecánica, e establecendo relacións razoadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.2.1. Interpreta os principios da mecánica e da cinética, aplicándoos ao funcionamento do aparello locomotor e ao movemento.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.2.3. Relaciona a estrutura muscular coa súa función na execución dun movemento e as forzas que actúan neste. ▪ AAB3.2.4. Relaciona diferentes tipos de pancas coas articulacións do corpo humano e coa participación muscular nos seus movementos. ▪ AAB3.2.5. Clasifica os principais movementos articulares en función dos planos e dos eixes do espazo. ▪ AAB3.2.6. Argumenta os efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais do sistema locomotor, en relación coas actividades artísticas e os estilos de vida.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Valorar a corrección postural e identificar os malos hábitos posturais, co fin de traballar de forma segura e evitar lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB3.3.1. Identifica as alteracións máis importantes derivadas do mal uso postural e propón alternativas saudables. ▪ AAB3.3.2. Controla a súa postura e aplica medidas preventivas na execución de movementos propios das actividades artísticas, e valora a súa influencia na saúde.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB4.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada. ▪ AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente. ▪ AAB4.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física asociada a actividades artísticas de diversa índole.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB4.2.1. Identifica os órganos respiratorios implicados na declamación e no canto. ▪ AAB4.2.2. Identifica a estrutura anatómica do aparello de fonación, e describe as interaccións entre as estruturas que o integran. ▪ AAB4.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.

	<ul style="list-style-type: none"> AAB4.2.4. Identifica as principais patoloxías que afectan o aparello de fonación en relación coas causas máis habituais. AAB4.2.4.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> **B5.2. Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, e explicar as estruturas orgánicas implicadas en cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> AAB5.2.1. Identifica a estrutura dos aparellos e dos órganos que interveñen nos procesos de dixestión e absorción dos alimentos e nutrientes, en relación coas súas funcións en cada etapa AAB5.2.2. Distingue os procesos que interveñen na dixestión e na absorción dos alimentos e dos nutrientes, vinculándoos coas estruturas orgánicas implicadas en cada un.
<ul style="list-style-type: none"> **B5.3. Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde e no rendemento das actividades artísticas corporais. 	<ul style="list-style-type: none"> AAB5.3.1. Discrimina os nutrientes enerxéticos dos non enerxéticos, en relación cunha dieta sa e equilibrada. AAB5.3.2. Relaciona a hidratación co mantemento dun estado saudable, calculando o consumo de auga diario necesario en distintas circunstancias ou actividades. AAB5.3.3. Elabora dietas equilibradas, calculando o balance enerxético entre inxestión e actividade, e argumenta a súa influencia na saúde e no rendemento físico. AAB5.3.4. Recoñece hábitos alimentarios saudables e prexudiciais para a saúde, e saca conclusións para mellorar o benestar persoal.
<ul style="list-style-type: none"> **B6.1. Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa estrutura e función. 	<ul style="list-style-type: none"> AAB6.1.1. Describe a estrutura e as función dos sistemas implicados no control e na regulación da actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles. AAB6.1.2. Recoñece as diferenzas entre os movementos reflexos e os voluntarios, asociándoos ás estruturas nerviosas implicadas neles. AAB6.1.3. Interpreta a fisioloxía do sistema de regulación, indicando as interaccións entre as estruturas que o integran e a execución de actividades artísticas.
<ul style="list-style-type: none"> **B6.2. Identificar o papel do sistema neuroendócrino na actividade física, recoñecendo a relación entre todos os sistemas do organismo humano. 	<ul style="list-style-type: none"> AAB6.2.1. Describe a función das hormonas e o importante papel que xogan na actividade física.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB6.2.2. Analiza o proceso de termorregulación e de regulación de augas e sales en relación coa actividade física.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B8.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AAB8.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo. ▪ AAB8.3.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras, e apoia o traballo das demais persoas.

*Na táboa recóllense a correspondencia dos criterios de avaliación e os estándares imprescindibles traballados ata o 12 de marzo (data de suspensión das clases). Sobre eles basearanse as probas recuperadoras tanto en xuño coma en setembro.

**Afondaranse durante a 3ª avaliación por seren mínimos esenciais, aínda que só serán avaliábeis positivamente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grao de consecución das mesmas. Así o alumnado poderá incrementar a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto, dependendo das tarefas entregadas e da súa calidade.</p> <p>As tarefas realizaranse a través de diferentes plataformas virtuais, principalmente a aula virtual do centro na clase creada a tal efecto (1ºBach Anatomía Aplicada) e vía correo electrónico (naqueles casos onde non dispoñan de acceso aos outros recursos). Asemade, contarán con vídeos ou gravacións explicativas (segundo a conectividade). En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>As actividades propostas baséanse nos mínimos esixibles para esta materia. As actividades só terán unha avaliación positiva e introducirán os temas que trataríamos no terceiro trimestre en mínimos competencias de xeito que garantan as necesidades do vindeiro curso.</p> <p>Dada a non continuidade desta materia en cursos posteriores e a avaliación positiva de todo o alumnado na 1ª e 2ª avaliación non hai indicacións específicas para o alumnado coa materia suspensa nin especificacións para a súa recuperación.</p> <p>Todas actividades están recollidas na aula virtual con acceso libre como convidado (contrasinal: convidado) sendo recomendable o acceso con identificación de cada alumno/a para facilitar o seu seguimento.</p>
Cualificación final	<p>O procedemento para obter a cualificación final de curso é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>1ª avaliación</u>: 60% da nota media da ordinaria (ata 6 puntos) • <u>2ª avaliación</u>: 40% da nota media da ordinaria (ata 4 puntos) • <u>3ª avaliación</u>: 10% extra sobre a nota final (ata 1 punto). <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimos para unha avaliación positiva 5.</p> <p>Fórmula da cualificación:</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; width: fit-content; margin-left: 20px;"> $\text{Nota final} = \text{ata 6 puntos da 1ªaval} + \text{ata 4 puntos da 2ª aval} + \text{ata 1 punto extra da 3ª aval}$ </div>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Como se indicou anteriormente, neste curso escolar no hai alumnado con avaliación negativa na 1ª e na 2ª avaliación, polo que non haberá previsión específica para a proba extraordinaria de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Tal e como se recolle na programación do departamento de Bioloxía e Xeoloxía, non hai alumnado de cursos posteriores con esta materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non proceden</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non proceden</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades a realizar serán de variado formato e basearanse nos mínimos a acadar durante o curso. que o alumnado entregará nun prazo de tempo razoable.</p> <p>As principais propostas son</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de resumo ou de consolidación: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resumos dos principais contados en pdf e ppt ▪ Esquemas. ▪ Xogos de repaso e test autoavaliación. ▪ Visionado de vídeos • Actividades de reforzo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Boletíns de exercicios • Actividades de ampliación. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballos prácticos de indagación ▪ Exercicios prácticos. e prácticas de gabinete ou con laboratorios virtuais. • Visionado de vídeos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través das plataformas virtuais establecidas ou a través do correo electrónico no caso de carencias tecnolóxicas salientables. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno</p>
Materiais e recursos	<p>Os principais materiais e recursos a empregar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Material de clase (tamén dispoñible na aula virtual en pdf) -T tarefas ou fichas individualizadas (a partir do libro de clase) -Vídeos explicativos (aula virtual moodle) -Webs externas axeitadas (CENICE, Procomún, Aulas Galegas, Abalar) -Aula virtual do IES Primeiro de Marzo

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As instrucións para esta terceira avaliación estanse a achegar ou achegaranse ao alumnado e as familias a través de correo electrónico (profesorado) ou de ABALAR móbil, publicándose na web do centro e comunicándose ao titor ou titora do grupo. Asemade, de detectarse abandono ou desconexión por parte do alumnado comunicaráselle tanto a titoría como a Xefatura de Estudos para tomar a medidas oportunas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, tanto na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía como na habilitada para a docencia durante o estado de alarma.

ANEXO I

RÚBRICA BAREMACIÓN DO TRABALLO DA 3ª AVALIACIÓN					<i>total</i>
	0 puntos Mal	0,2 puntos Regular	0,3 puntos Aceptable	0, 5 puntos Bo	
Entrega de tarefas	Tarefas non entregadas	Tan só entregou un 25% da tarefas encomendadas ou parcialmente realizadas (menos da metade)	Entrega do 50% das tarefas ou parcialmente ou realizadas (metade)	Todas as tarefas entregadas en forma e prazo	
Grao de consecución	Estándares de aprendizaxe mínimos non acadados	Estándares mínimos parcialmente acadados.	Acadou os mínimos esixibles	Grao de consecución moi satisfactorio.	